

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do *Diario de Ferrol*, o día 8 de xaneiro de 2006.-

Recimil: os comezos

Rematada a Guerra Civil as autoridades franquistas, en colaboración con Concellos e Deputacións Provinciais, deseñaron un programa de construción de edificios para as clases máis desfavorecidas co gallo de facilitar o acceso á vivenda a todas aquelas familias que tiñan unhas rendas máis baixas. Axiña habían de coñecerse co nome de “Casas Baratas” entre unha poboación sempre disposta a rebautizar toda canta novidade se lle puxese diante.

Segundo a guía oficial da cidade publicada polo Concello de Ferrol, para “*render o noso pequeno servizo a España, ao seu insigne Caudillo (...) e á Cidade que tivo o inapreciábel privilexio de contar con el como o seu fillo predilecto*”, en xaneiro do ano mil novecentos corenta e cinco, sendo Alcalde o D. Eduardo Ballester, a construción na antiga aldea de Recimil dunha barriada de Vivendas Protexidas “*hixiénicas, confortábeis e económicas*”, destinada a mellorar as condicións de vida de “*familias modestas, pensionistas do Estado e funcionarios*”, constituía “*a obra máis fundamental e de maiores alcances das acometidas até a data polo Concello Ferrolán.*”

O día vinte e tres de novembro de mil novecentos trinta e nove o Pleno do Concello tomou o acordo unánime (non podía ser doutro xeito) de enviar unha petición oficial ao recién creado Instituto Nacional da Vivenda co gallo de lles encargar aos Sres. Fonseca, Gómez Mesa, Ruíz de la Prada e Rodríguez Cano, arquitectos de dito organismo, a confección dun anteproxecto.

A obra non tardou en saír a concurso público e acabou por ser adxudicada á construtora madrileña “Alejandro San Román” polo montante de dezaseis millóns cento sesenta mil pesetas. Aínda que habían de pasar algúns anos até que fose unha realidade tanxíbel, daba comezo nese momento a historia do actual Barrio de Recimil, que ocupa unha franxa de terreo de incalculábel interese especulativo tanto pola súa extensión (douscentos sesenta e un ferrados que poñen os dentes longos ás empresas de promoción inmobiliaria), como polo seu estratéxico emprazamento, no corazón da cidade e á beira dunha das súas prazas máis importantes.

O primeiro de agosto do ano mil novecentos corenta outorgábase a escritura do devandito Instituto Nacional da Vivenda na que se estipulaban as condicións necesarias para a concesión do préstamo que había de permitir levar a termo a execución das obras e na que tamén se fixaba un prazo de vinte meses para lles dar comezo.

Segundo a Guía mencionada os máis ou menos cen antigos propietarios das leiras onde a nova barriada había de ser construída, que abarcaban unha extensión de nada menos que cento trinta e tres mil cincuenta e tres metros cadrados, *“vendéronas libre e espontaneamente ao Concello ferrolán”* (descoñezo os pormenores desa venda pero non estaría de máis reflexionar acerca do valor das palabras “libre” e “espontáneo” ao longo do franquismo). O custo total dos terreos, incluída unha finca adquirida ao Exército, máis ou menos no que é a actual Praza de Sevilla, ascendeu a un millón cincocentas cincuenta e unha mil catrocentas setenta e tres das pesetas daquela época, cantidade da cal o Concello de Ferrol había de aportar o dez por cento.

A obra contemplaba a construción dun milleiro de vivendas divididas en varias mazás, a primeira delas “*de tipo monumental (edificios de seis plantas con servizos de ascensores, etc.) para que harmonice coas edificacións da Praza de España*”, un grupo escolar (agora Colexio Público “Ibáñez Martín”, onde quen escribe estas liñas tivo a honra de estudar parte da EXB), “*diversas tendas nos baixos da primeira mazá*” (Praza de España), un tamén un Mercado de Abastos e unha igrexa “*posta baixo a advocación da Nosa Señora do Pilar*”. Falábase tamén no proxecto dun campo de deportes, “*complemento de tan importantes e trascendentais obras*”, que nunca chegou a construírse, e da petición ao ministerio de Obras Públicas dun paso subterráneo baixo a Estrada de Castela que unise a Barriada coa parte esquerda do Ensanche.

O barrio, case completamente fiel ao proxecto inicial, consistente neses bloques paralelos de fachada corrida que todos tan ben coñecemos, comunicados por pequenos túneles, acabaría por ser inaugurado oficialmente con toda a pompa e solemnidade que o momento requiría alá polo ano mil novecentos corenta e cinco, aínda que as obras haberían de demorarse ao longo dalgún tempo máis, antes de que o milleiro de familias que habían de ocupalas puidesen por fin establecerse nas novas vivendas de propiedade municipal.

Os anos foron pasando (era de agardar) e as historias de todos eses inquilinos foron entrelazándose até crearen unha personalidade colectiva propia nunha cidade que non pode seguir dándolle as costas a un barrio enteiro sen se decatarse de que para ben ou para mal está escrita nas súas rúas unha parte ben importante da súa memoria.

